

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12601** *REAL DECRETO 1193/2000, do 23 de xuño, polo que se completa o anexo IV do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuícultura con destino ó consumo humano.* («BOE» 159, do 4-7-2000.)

O Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, que foi obxecto de diversas modificacións, foi parcialmente derogado polo Real decreto 645/1989, do 19 de maio, e polo Real decreto 1437/1992, do 27 de novembro, continuando en vigor o seu anexo IV, no que se recollen as denominacións dos produtos da pesca conservados, con indicación dos nomes vulgares e científicos das especies, así como as denominacións normalizadas dos correspondentes produtos conservados. Entre tales especies atópanse o atún [«Thunnus thynnus»(L)], o rabil («Thunnus albacares»), o patudo («Thunnus obesus») e o listado («Katsuwonus pelamis»), para os produtos conservados dos cales figura como denominación normalizada a de atún.

Pola súa banda, o Regulamento (CEE) 1536/92, do 9 de xuño, polo que se aproban as normas comúns de comercialización para as conservas de atún e de bonito, recolle no seu anexo as especies das cales as conservas se poden comercializar coas denominacións de atún e de bonito. Ademais, no artigo 5.3 do dito regulamento sinálase que no caso de que exista un uso comercial establecido, a denominación de venda poderá designalo tipo de peixe utilizado (atún ou bonito) e a especie de que se trate co nome que o uso consagrara no Estado membro no que se comercialicen os produtos.

A denominación «atún claro» non se recolle na normativa técnico-sanitaria aplicable ós produtos da pesca que se comercialicen en España, pero veuse empregando comunmente na denominación comercial de conservas esterilizadas termicamente da especie de atún «Thunnus albacares» (rabil ou «yellowfin»).

Tanto para o sector como para os consumidores resulta de gran importancia que a normativa legal aplicable admita o uso da denominación «atún claro» para as conservas de rabil, especie que posúe unhas características doutras especies. Para iso, resulta necesario completa-lo punto 44 do anexo IV do Real decreto 1521/1984, de acordo co previsto na disposición derradeira segunda deste, que autoriza os ministerios competentes para dictaren as disposicións necesarias para completar, desenvolver e mellor cumprilo disposto nel.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados, emitindo informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directrices ó ordenamento xurídico español.

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral de actividade económica.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do anexo IV do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto.*

A redacción do punto 44 do anexo IV do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, queda substituída pola seguinte:

«44. Rabil “Thunnus albacares” Atún ou atún claro.»

**Disposición transitoria única.** *Pervivencia de existencias.*

As conservas esterilizadas termicamente, elaboradas con especies de atún distintas da especie «Thunnus albacares» (rabil), envasadas e etiquetadas con anterioridade á data de entrada en vigor desta disposición, coa denominación «atún claro», poderán seguir comercializándose ata finaliza-la súa vida comercial.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral de actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

**12602** *REAL DECRETO 1194/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados.* («BOE» 159, do 4-7-2000.)

O Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados, incorporou ó ordenamento xurídico interno a Directiva 75/106/CEE, do 19 de decembro de 1974, e a Directiva 80/232/CEE, do 15 de xaneiro, ámbalas dúas do Consello, relativas á aproximación das lexislacións dos estados membros nesa materia.

Os reais decretos 1780/1991, do 29 de novembro, 151/1994, do 4 de febreiro, e 1202/1999, do 9 de xullo, modificaron o Real decreto 1472/1989, co fin de realizar e completa-la transposición das directivas 88/316/CEE, do 7 de xuño, e 89/676/CEE, do 21 de decembro, e prorrogar ou establecer períodos transitorios para determinados valores de cantidades nominais, así como, de acordo co permitido polas directivas

comunitarias, engadir outros valores nominais e excluír da regulación presentacións específicas de determinados produtos que por necesidades do mercado así o requirían.

Na actualidade, faise necesaria unha nova modificación do Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, para prorrogalos períodos transitorios establecidos para determinados valores de cantidades nominais.

Por outra banda, lévase a cabo unha adaptación ó desenvolvemento tecnolóxico das disposicións vixentes relativas ás gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais do vermú e viños aromatizados, sangrías, refrescos de viño e similares, e viños xenerosos, para introduci-lo valor de 0,275 litros, así como das bebidas a base de leite, para autoriza-lo volume de 0,33 litros. Tamén se procede a modifica-los valores nominais dos produtos para o lavado e a limpeza en po.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva do Consello 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Por outra banda, na tramitación deste real decreto a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu informe preceptivo e contouse cos informes pertinentes do Consello de Consumidores e Usuarios e das asociacións empresariais relacionadas co sector.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Fomento, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000,

## DISPÓN O:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados.*

O Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados, queda modificado da seguinte maneira:

1. A disposición transitoria sétima queda substituída pola seguinte:

«Sétima. Os produtos enumerados no punto 1.8.1 do anexo II "froitas e hortalizas e patacas precociñadas para frixir", poderanse envasar, importar e comercializar nas cantidades nominais 200 g e 400 g ata o 31 de decembro do ano 2001.»

2. A disposición transitoria undécima queda substituída pola seguinte:

«Undécima. Os produtos enumerados no punto 1.8.3 do anexo II "barriñas" de peixe, poderanse envasar, importar e comercializar nas cantidades nominais 250 g, 400 g, 800 g e 1000 g ata o 31 de decembro do ano 2001.»

3. No punto 1.d) do anexo I relativo ó vermú e viños aromatizados, sangrías, refrescos de viño e similares, viños xenerosos, o contido da columna I queda substituído pola seguinte redacción: «0,05 ata 0,10, 0,10, 0,15(2), 0,20, 0,275, 0,375, 0,50, 0,75, 1, 1,5, 3,5».

4. No punto 7 do anexo I, o contido da columna I correspondente a bebidas a base de leite queda substituído pola seguinte redacción: «0,20, 0,25, 0,33, 0,50, 0,75, 1, 1,5, 2».

5. No enunciado do punto 1.8.1 do anexo II, a redacción queda substituída pola seguinte:

«Froitas e hortalizas e patacas precocidas para frixir.»

6. O punto 3.2 do anexo III queda modificado da seguinte forma:

«3.2 Para outros envases (sen limitación no relativo ó material e á forma xeométrica).

Capacidade nominal (en ml)
-------------------------------

375
750
1.125
1.500
1.875
2.250
2.625
3.000
3.375
3.750
4.125
4.500
4.875
5.250
6.000
6.750
7.500
8.250
9.000
9.750
10.500
11.250
12.000
12.750
13.500
14.250
15.000
18.750
22.500

Os envases con aparello dosificador poderán ter unha capacidade 200 ml superior.»

Tódolos envases teñen unha tolerancia do  $\pm 2$  por cento.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,

MARIANO RAJOY BREY